25N Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

# FRAGILIDAD, ¿TU NOMBRE ES MUJER?

NO,

NO SOY TUYA,

NO TE PERTENEZCO.

MI FRÁGIL VESTIDO

TE HA CONFUNDIDO

ESTA VEZ.

¡CÓMO PODÍAS SABER

QUE HABÍA SIDO FORJADA

EN LA FRAGUA DE HEFESTO!.

*María M. Míguez*

*en "Haikiños: de luces y sombras" (2018)*



*Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres*



# Tecín soia a miña tea

Tecín soia a miña tea,

sembrei soia o meu nabal,

soia vou por leña ó monte,

soia a vexo arder no lar.

Nin na fonte nin no prado,

así morra coa carrax,

el non ha de virm'a erguer,

el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,

canta o grilo ó seu compás...

Ferve o pote... mais, meu caldo,

soíña t'hei de cear.

Cala, rula, os teus arrulos

ganas de morrer me dan;

cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soïdás.

O meu homiño perdeuse,

ninguén sabe en onde vai...

Anduriña que pasache

con el as ondas do mar;

anduriña, voa, voa,

ven e dime ond'está.

*Rosalía de Castro*

*en "Follas Novas" (1880)*

*(*) Imaxe de Antonio Taracido García: "Muller tecendo nas dunas"*

BIBLIOTECA
IES PRAIA BARRAÑA de BOIRO



# TERCEIRO TEMPO

[ SOA O TELÉFONO] [A TÚA VOZ PRENDIDA NO FÍO]

PREGUNTAS ALGO QUE NON QUERO CONTAR.

RESPOSTO TODAS AQUELAS PALABRAS
QUE ME FAN SENTIR A SALVO DO MUNDO:
SEGUNDA LIÑA
PLACADORA
ELEVAR
MARCO
TÚNEL
BOLA
XUTE

NON CHE VOU DETALLAR QUE HOXE, NO CAMPO, FALTABAN
AS SÚAS RAIAS NEGRAS & BRANCAS CONTRA O MEU OMBRO
PORQUE NON É O QUE QUERES OÍR (NIN EU POÑERLLE LETRAS
QUE CONVIRTAN A MORTE
EN REAL {- VERDADE -})

MAÑÁ, OS XORNAIS TRAZARÁN, CRUELMENTE, A LIÑA IMAXINARIA

E ELA (SÓ A.R.L.-SIGLAS DE PAPEL-) FARÁ O SEU ENSAIO FINAL.

( NÓS ESTAREMOS ALÍ PERO TI AÍNDA NON O SABES; TENTANDO

ALIÑAR OS PILARES, TODOS, MÁIS 1 VEZ)

*KA MATE! KA MATE! KA ORA! KA ORA!*

*KA MATE! KA MATE! KA ORA! KA ORA!**

COMEZAREMOS, DAQUELA, UN NOVO XOGO CUNHA ALA PARTIDA
PERO CO XENIO DAS QUE AÍNDA NON FOMOS ASASINADAS PARA
RECOLLER A BOLA QUE, NESE PASE ATRÁS, INICIA A CARREIRA DE

TODAS- E CADA UNHA DE NÓS-CARA O FUTURO.

*Eli Ríos*

*Na Revista O Salmón Oval (2015)*

*(*) "Morro! Morro! Vivo! Vivo!", Haka maorí que realizan os All Blacks antes de cada partido*

*(**) Imaxe de María M. Míguez*

25N **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**

# Valiente

Cuando su alma se quebró

se oyó por fin su voz:

“Cuánto más me desprecies,

más me querré yo.

Cuánto más me niegues,

más me afirmaré yo.

Cuánto más me pegues,

más débil te harás tú,

más fuerte me haré yo”.

*María M. Míguez*

*en “Haikiños: de luces y sombras” (2018)*



I.E.S. PRAIA BARRAÑA

BIBLIOTECA
IES PRAIA BARRAÑA de BOIRO

Bibliotecas escolares de Galicia